

O PSOE de Vilalba demanda ao concello que corrixa as eivas da canceira municipal, pois non reúne as condicións para ser centro recollida

Os socialistas volverán a levar ao Pleno, xa que dende a sesión celebrada en setembro de 2011, a entidade local non adoptou ningunha medida para mellorar a súa situación. Proba delo, é que nin tan sequera procedeu a tramitar a oportuna autorización das instalacións existentes

Denuncian as deplorables condicións nas que se atopa, e que están motivadas en boa parte pola falla de espazo dos cubículos, a localización sombría e a non existencia de parques para exercicio físico

VILALBA, 10 DE DECEMBRO DE 2014.- Os socialistas de Vilalba volverán a levar ao Pleno “a deplorable” situación da canceira municipal. Deste xeito, o grupo municipal do PSOE someterá esta asunto á debate na sesión que a Corporación celebrará este mes, pois dende setembro de 2011, o concello non adoptou ningunha medida para corrixir as eivas que xa foran denunciadas daquela. Tal é así que nin tan sequera, indican, “se procedeu a tramitar a oportuna autorización das instalacións existentes”, pois para iso, subliñan, “estas deberían de ser melloradas”. E é que as actuais non cumpren as condicións que a lexislación detalla para calquera centro de recollida, precisan dende o grupo municipal do PSOE.

Neste senso, destacan que “as pésimas” condicións da canceira municipal non só están motivadas pola falla de espazo dos cubículos, senón tamén da súa localización sombría e da non existencia de parques para exercicio físico.

“Cremos que o concello ten que actuar xa. Hai tres anos que lle plantexamos esta cuestión e segue sen facer nada. Non pode seguir mantendo estes animais nesta situación. Lembrámoslle que, como máximo responsable da defensa e protección no termo municipal, a Lei só contempla o sacrificio como última opción posible”, indican.

Chamamento á responsabilidade

Por este motivo, os socialistas vilalbeses fan un chamamento á responsabilidade das persoas en relación á compra de mascotas, sobre todo, nestas datas do ano, e animan á adopción non centros de recollida. A este respecto, tamén demandarán do concello que difunda publicamente cada vez que un animal sexa susceptible de ser adoptado.